

CONVENIO URBANÍSTICO

Aprobado por la Comisión de Urbanismo en sesión de 25 de 9 de 1997
SECRETARIO



Dunha banda: D. Ernesto Insua Oliveira, veciño de Cee, con D.N.I. nº
E da outra: Don Victor Manuel Pazos Leis e D. Jesús Castreje Durán, con D.N.I. nº
76.366.997 e nº 32.795.991, respectivamente.

INTERVEÑEN

O primeiro, na súa cualidade de Alcalde-Presidente do Concello de Fisterra, facultado para elo por acordo do Pleno da Corporación Municipal, celebrado o día

Os segundos, no seu propio nome e dereito, na súa cualidade de propietarios de dúas parcelas, situadas, unha na Rúa Federico Avila da vila de Fisterra cunha superficie de 324 m², e outra no lugar conocido co nome de "Corbeiro de Abaixo", tamén da vila de Fisterra (cuias plantas se reflectan nos planos nº 1 e 2, respectivamente, dos anexados ó presente convenio).

EXPOÑEN

Primeiro. Don Victor Manuel Pazos Leis e D. Jesús Castreje Durán (no sucesivo, a Propiedade) manifiestan que, nas Normas Subsidiarias Municipais de Fisterra (N.S.M.F.), vixentes na actualidade, aparece na parte posterior da súa parcela situada na Rúa Federico Avila un espacio libre, que afecta á parcela nunha superficie de 81 m², dos que 54 m² son para zona verde de uso público, e os 27 m² restantes, son para vial de servicio. Manifiesta igoalmente a Propiedade que está disposta a ceder 275 m² dos terreos da parcela situada no lugar conocido como "Corbeiro de Abaixo", cos fins de adicalos a espacio libre e zona verde, a cambio de que se recalifique, con fins edificatorios, parte da parcela situada na Rúa Federico Avila, nunha franxa que ten 3 metros de ancho medio por 16 metros de longo. Trataríase de recalificar os 24 m² do vial de servicio e 24 m² da zona verde, o que faría un total de 48 m². A Propiedade entende que a superficie recalificada non afectaría dunha forma grave á zona de espacio libre prevista, sendo por outro lado imprescindible para un mellor aproveitamento edificatorio, dadas as características mínimas da parcela, obténdose a cambio un espacio libre e zona verde de maior superficie no lugar de Corbeiro, carente por outro lado deste tipo de espacios.

Segundo. O Concello, manifiesta o seu parecer favorable ás pretensións da Propiedade, se ben fai constar que na recalificación da parcela situada na Rúa Federico Avila estarase o disposto no artigo 129 do Texto Refundido da Lei do Solo (R.D. 1/1992, do 26 de xunio).

En virtude de todo elo,

Handwritten signatures and notes on the left margin, including 'Jesús Castreje' and 'Victor Pazos'.

ACORDAN

1º) O **Concello** comprométese a recalificar 48 m² dos 81 m² previstos nas N.S.M.F., para zona verde e vial de servizo, como zona de edificación intensiva, na parte posterior da parcela situada na Rúa Federico Avila, nunha franxa de 3 metros de media por 16 metros de longo, e cunha ordenación que recolla o plasmado no plano nº 3 dos anexados ó presente Convenio.


O Concello acometerá dita recalificación mediante unha modificación puntual das Normas Subsidiarias Municipais de Fisterra, estándose ás disposicións da lexislación vixente.

2º) A **Propiedade** comprométese a efectuar as cesións dos terreos para espazo libre e zona verde no lugar conocido como "Corbeiro de Abaixo" cunha superficie de 275 m².

3º) A **Propiedade** resérvase a facultade de ceder ou transmitir os dereitos derivados do presente Convenio a favor de terceiros, mantendo aquel toda a súa forza e vixencia.

Calquera transmisión da propiedade levará parella a subrogación do novo titular nas obrigas que se deriven do presente convenio; e a **Propiedade** comprométese a facelo constar así no documento de transmisión.


Fisterra, 18 de novembro de 1996



Asdo.: Ernesto Insua Oliveira


Asdo.: Victor Manuel Pazos Leis

Asdo.: Jesús Castreje Durán




A ARQUITECTA MUNICIPAL
[Signature]
 Ascto.: Rosa Magda Leuz Folez

Deposito de la...
 ... de 19...
 SECRETARIO,
[Signature]



PARCELA
 R/FEDERICO ANICA
 Superficie = 324 m²

PLANO Nº 1
 ORDENACION
 ACTUAL



PARCELA LUGAR "CORBEIRO DE ABAIN"
 Superf: 225 m²

Definitivamente aprobado por la Presidencia Municipal en sesión de 24 de 9 de 1997 O SECRETARIO.




A ARQUITECTA MUNICIPAL Asdo.: Rosa Magdalena...

478800

PLANO N° 2
 ORDENACIÓN ACT.

SIGNOS CONVENCIONAIS

INFORMACIÓN TOPO




Edificio

singular

Desagudado-Arrollos

NOME X P. A. 609 478784.362 47504




50
4751 000

A ARQUITECTA MUNICIPAL,

[Handwritten signature]
Aldo: Rosa Maydelros Fdez.

[Handwritten note:]
Aprobado por el Concejo Municipal en sesión de 27 de febrero de 1997.
SECRETARIO, de 1997.



[Handwritten note:]
dupl. recibida
48 u2

PLANO N° 3
ORDENACION
CONTENIO

65